

HENRIQUE FÉRNANDEZ VÁZQUEZ
ASOCIACIÓN SOCIEDADE GASTRONOMICA CULTURAL
DEPORTIVA E XUVENIL LAR DE UNTA
RÚA SAAVEDRA MENESES N° 1, 1º
15300 BETANZOS
A Coruña

Código : 114200 SUBDIR. XERAL DE XOGO, ASOCIACIONS E ESPECTACULOS PUBLICOS
Asunto : Modificación para a adaptación Estatutos Asociación 2000/000369 /1 (SC)

Comunicolles que en data 2-07-2004 o Director Xeral de Interior dictou a Resolución que a continuación se trascrcribe:

"Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada **ASOCIACIÓN SOCIEDADE GASTRONOMICA CULTURAL DEPORTIVA E XUVENIL LAR DE UNTA** inscrita por Resolución 22-02-2000, correspondéndolle o nº 2000/000369-1 (SC) do Rexistro Central de Asociacións e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 24-10-2003, acordou a modificación dos seus Estatutos para adaptalos á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Dirección Xeral de Interior e Protección Civil é competente para resolver sobre a inscripción solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpriuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

RESOLVO


Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito."

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2004

A SUBDIRECTORA XERAL DE XOGO, ASOCIACIONS E
ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

Asdo.: María Puy Fraga





MODELO II

ACTA DA ASAMBLEA EXTRAORDINARIA DA Sociedade Gastronómica, Cultural, Deportiva e Xuvenil Lar de Unta.

Na localidade de ..Betanzos...,o día 24....de ...outubro.... do ano ...2003..... ás ...20,30 horas, reúnense os asociados desta asociación. Estando presentes 17.. asociados. Existindo o quorum requerido polos nosos vixentes estatutos no seu artigo 17. Sendo todos nos maiores de idade e con capacidade de obrar ACORDAMOS:

Adaptar os Estatutos da **Sociedade Gastronómica, Cultural, Deportiva e Xuvenil Lar de Unta**, ao abeiro da disposición transitoria primeira da vixente Lei orgánica 1/2002, do 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

Asociación que desenrolarán preferentemente as súas actividades no ámbito autonómico/provincial/local1 e terá o seu domicilio en Pescadería, nº 3, 15300 Betanzos, sendo os seus fins principais:

- a.- Dar a coñecer a riqueza e variedade da gastronomía galega.
- b.- A promoción da literatura galega, música, folclore, etc., a través da organización de actividades diversas. O idioma a usar en todas as comunicacóns internas ou externas, así como na súa propaganda será o galego.
- c.- A promoción deportiva a través da organización de actividades varias.
- d.- Facilitar a participación da xuventude nas demais actividades propias da asociación.
- e.- Constituírse como lugar de encontro e debate dos seus asociados e da cidadanía en xeral.
- f.- Facilitar a formación dos seus asociados polo medios ao seu alcance.
- g.- En xeral, realizar calquera tipo de actividade lícita ao servizo dos seus asociados e da comunidade.

Consensuar os Estatutos, adaptados a nova lei 1/2002, polos que se vai rexer a Asociación lidos neste mesmo acto e aprobalos pola unanimidade dos asistentes.

Sendo os componentes da Xunta Directiva vixente:

- Presidente: Henrique Fernández Vázquez, DNI nº 76.363.251-P, con domicilio en Saavedra Meneses, 1-1º, localidade, Betanzos , con teléfono 610231062., con data de nomeamento 23-11-2002

-Vicepresidenta: Marina Carro Erias, DNI nº 32.773.646-A, con domicilio en Corral de Igrexa-Libre, 18, localidade Bergondo, con teléfono 645116566, con data de nomeamento 24 de outubro de 2003.

-Vocal de gastronomía: Noelia Pérez Longueira DNI nº 32.826.887-E con domicilio en Avda. Finisterre, 102-4-D, localidade A Coruña , con teléfono 661280776, con data de nomeamento 23-11-2002

-Vocal de cultura: Isabel Fontenla Martínez DNI nº 76.369.162-P, con domicilio en Castro Pontellas, s/n, localidade Betanzos, con teléfono 617439111, con data de nomeamento 23-11-2002

¹ Táchense os que non procedan.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

-Vocal de deportes: Xurxo Ares Louzao DNI nº 32.787.188 con domicilio en Caraña de Arriba, 3 localidade Betanzos, con teléfono 676475835, con data de nomeamento 24 de outubro de 2004.

-Vocal de Xuventude: Salvador Coira Gómez, DNI nº 46.907.686-Z, domicilio en Nosa Señora do Camiño, 25, localidade Betanzos , con teléfono 635566383, con data de nomeamento 24 de outubro de 2003.

-Vocal de relaciones públicas: Miguel Anxo Alonso González, DNI nº 32.620.529 con domicilio en Betanzos , con teléfono 619660137, con data de nomeamento 23-11-2003

-Tesoureiro: Xabier Doporto Santos, DNI nº 76.363.839-K, con domicilio en Pintor Seijo Rubio, 21-2º Esq., localidade Betanzos, con teléfono 606990855, con data de nomeamento 23-11-2002

-Secretario: Afonso Bieito Lorenzo Penela. DNI nº 36.012.168, con domicilio en r/ Camiño real de Infesta, 1-1º Dta., localidade Betanzos, con teléfono 981774691, con data de nomeamento 23-11-2002.

Aportándose de todos eles as correspondentes copias dos seus DNI.

4.- Por último, co fin de cumplimentar a disposición transitoria primeira da lei orgánica, do 22 de marzo de 2002, reguladora do dereito de asociación, indicamos que esta Asociación está en situación de actividade e funcionamento dende a data da súa constitución.

E sen más asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as 22,30 horas do día vintecatro de outubro de 2003.

Vº e Pr.
O PRESIDENTE

Asdo. Henrique Fernández Vázquez

O SECRETARIO

Asdo. Afonso B. Lorenzo Penela.

Estatutos da Asociación Gastronómica, Cultural, Deportiva e Xuvenil Lar de Unta.
Aprobados pola asemblea xeral realizada o día 24 de outubro de 2003

**CAPÍTULO I
DA ASOCIACIÓN EN XERAL**



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 1º.- 1.-Procédease a adaptar os Estatutos da Asociación denominada Asociación Gastronómica, Cultural e Deportiva Fonte de Unta, con nº de no Rrexistro Central/Provincial de Asociacións sen ánimo de lucro 369/00 e C.I.F. 15758733, que pasará a denominarse Sociedade Gastronómica, Cultural, Deportiva e Xuvenil Lar de Unta.

2.-A Asociación rexeráse polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- Son fins principais da Asociación:

- a.- Dar a coñecer a riqueza e variedade da gastronomía galega.
- b.- A promoción da literatura galega, música, folclore, etc., a través da organización de actividades diversas. O idioma a usar en todas as comunicacións internas ou externas, así como na súa propaganda será o galego.
- c.- A promoción deportiva a través da organización de actividades varias.
- d.- Facilitar a participación da xuventude nas demais actividades propias da asociación.
- e.- Constituirse como lugar de encontro e debate dos seus asociados e da cidadanía en xeral.
- f.- Facilitar a formación dos seus asociados polo medios ao seu alcance.
- g.- En xeral, realizar calquera tipo de actividade lícita ao servizo dos seus asociados e da comunidade.

Artigo 3º.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organizar cantas actividade consideradas para o cumprimento dos fins antes expostos:

Artigo 4º.- O domicilio principal¹[1] e permanente da Asociación radicará na localidade de Betanzos, rúa de Pescadería, nº 3. C.P. 15300 teléfono ----, apdo. de correos ----, correo electrónico,----

Poderanse utilizar outros locais associativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rrexistro de Asociacións. Para os efectos de comunicacóns e notificacións sinálanse como preferentes as seguintes direccións:

Domicilio: Pescadería, 3, localidade Betanzos, C.P.15300.

Artigo 5º.- A Asociación en funcións dos seus fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º.- A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación rexeráse segundo os principios democráticos contidos na lexislación vixente.

**CAPÍTULO II
DOS SOCIOS**

Artigo 7º.- Poderán ser integrantes da Asociación tódalas aquellas persoas físicas, con plena capacidade de obrar, que se comprometan a cumplir os presentes estatutos, a integrarse na sociedade activamente nalgúnha das súas seccións e que o soliciten voluntariamente á Xunta directiva

Artigo 8º.- Dentro da Asociación poderán existir las seguintes clases de asociados:

- Numerarios: Comprende tanto a aquellas persoas que subscribiron a acta fundacional como as que ingresaron con posterioridade á subscrición da mesma.
- Honorarios: Aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.



-Infantís: Aquelas persoas menores de 18 anos que participen na Asociación, que estarán integradas na sección infantil ou xuvenil, no seu caso.

Artigo 9º.- Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.

Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.

Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.

Disfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.

Ter copia destes Estatutos.

Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.

Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación e polas actividades a realizar pola asociación en calquera das súas seccións. Dita información exporase no taboleiro de edictos que ha de existir no local social.

Facer suxerencias ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.

Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 10º.- Son obrigas dos asociados e asociadas:

Prestar cantos servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.

Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.

Asistir ás Asembleas Xerais.

Satisfacer as cotas que se establezan. A estes efectos na solicitude de admisión farase constar a domicilización bancaria das mesmas

Observar unha boa conducta individual e cívica.

Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

Participar activamente nalgúnha das seccións da sociedade.

Artigo 11º.- Os asociados e asociadas honorarios e infantís non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 12º.- Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que deseja ser admitida. Dita admisión inicial pasará a ser definitiva nun prazo de seis meses, unha vez comprobada a súa integración activa nalgúnha das seccións da sociedade; en caso contrario procederase a súa baixa sen máis trámite. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante a solicitud deberá ser autorizada polo representante, pai ou tutor do solicitante e se acompañará unha acreditación da identidade do solicitante.

En caso de alta de un socio anteriormente expulsado por non pagar cotas terá que pagalas. En caso contrario non poderá volver a ser dado de alta ata que pase o doble de tempo có de cotas impagadas.

Artigo 13º.- A condición de asociado perdece:

Por vontade propia.

Por falta de pago nas cotas.

Por realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses da Asociación.

Por expediente disciplinario.

Artigo 14º.- A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, a proposta de calquera dos seus membros, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociado/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

Artigo 15º.- Os asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acordar-la separación temporal dun asociado cando se estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificados que o aconsellen, tales como o retraso no pago dalgúnha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerse no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.



CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 16º.- A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 17º.- O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

O Presidente será designado pola Asemblea Xeral entre socios que teñan polo menos 1 ano de antigüidade e o seu mandato durará 2 anos.

Artigo 18º.- A Xunta Directiva estará formada por un presidente/a, un vicepresidente/a, un secretario/a, un tesoureiro/a e os vocais que se determinen pola asemblea, fixándose inicialmente en cinco, que se encargarán respectivamente das seguintes áreas: gastronomía, cultura, deportes, xuventude e relacións públicas, cargos que deberán recaer en asociados/as que levan polo menos un ano na Asociación.

Artigo 19º.- Os cargos que componen a Xunta Directiva serán gratuitos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interpuesta.

Elixiranse pola Asemblea Xeral os cargos e durarán un período de 2 anos, áinda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria, e por transcurso do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cese automático, senón que deberase facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a un substituto de tratarse de renuncia voluntaria.

Artigo 20º.- É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral, fixa-las cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Correspondelalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

Artigo 21º.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou o Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus componentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña mais idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concordancia, polo menos, de cinco dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O/A secretario/a ou, no seu defecto, o/a vicepresidente/a levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 22º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituir, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recibir das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobren en subcomisións.

Artigo 23º.- A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por todos os integrantes da mesma. O presidente e o secretario da asemblea serán os mesmos que os da xunta directiva.

Artigo 24º.- A asemblea xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cuntas veces o acorde a xunta directiva, ou o soliciten o 10% dos socios.



Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. A celebración do pleno extraordinario terá que efectuarse no prazo de 45 días naturais a contar dende a presentación en forma da solicitude.

[Handwritten signature]
Artigo 25º.- A asemblea xeral ordinaria reunirase necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da xunta directiva.

A notificación farase nos locais da asociación para as asembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as asembleas extraordinarias.

Artigo 26º.- Serán competencias da asemblea xeral ordinaria:

Aprobar a acta da reunión anterior.

Aprobar o plan de actividades.

Examinar e aprobar a memoria de actividades.

Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.

Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.

Exame e aprobación das cotas.

Artigo 27º.- Serán competencias da asemblea xeral extraordinaria:

Modificar os Estatutos da asociación.

Elixir os integrantes da xunta directiva.

Aprobar a federación con outras Asociacións.

Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.

Acordar a disolución da Asociación.

Designar os/as liquidadores/as.

Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da xunta directiva, fixando a data a partir da cal ten validez dita expulsión.

Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.

Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.

As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperala súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.

Tódalas non conferidas expresamente á asemblea xeral ordinaria ou a xunta directiva.

Artigo 28º.- Para que as asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade mais un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 29º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioria simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 ó 7 do artigo 27, que requirirán maioria de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asignara o/a Presidente, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioria.

Artigo 30º.- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

As sesións se abrirán cando así o determine o presidente. Seguidamente se procederá por parte do secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o secretario/a procederá a le-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día se procederá, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a facer unha quenda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantarán a sesión por parte do Presidente.

Artigo 31º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a asemblea xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 32º.- O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 17º, as seguintes atribucións:



Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.

Propoñelo plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

Ordena-los pagamentos acordados validamente.

Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado.

Firma-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O Presidente será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, que, ademais, substituiralle nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 33º.- O Secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspónelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente.

Ao Secretario/a correspónelle tamén levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 34º.- O Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económico.

O tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 15 de febreiro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 35º.- Os Vocais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:
Realizar programas e propostas na súa área de actuación.

Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 36º.- A Asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de ~~SE.0~~...euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 37º.- A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presupuesto será elaborado polo/a Tesoureiro/a da Asociación, que deberá telo preparado a fin de que poida ser aprobado na Asemblea xeral ordinaria.

Artigo 38º.- A Asociación manterase dos seguintes recursos:

As cotas periódicas dos/as asociados/as.

As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.

As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.

Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.

Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 39º.- As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrables en ningún caso e adicaranse a atende-las necesidades da Asociación.

Artigo 40º.- Anualmente con referencia ó ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 41º.- Anualmente no tempo que establece o artigo 25 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 42º.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente/a, o



REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Tesoureiro/a e o Secretario/a, sendo necesaria a sinatura de cando menos dous dos directivos mencionados.

Artigo 43º.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.

**CAPÍTULO V
DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

Artigo 44º.- O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

**CAPÍTULO VI
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

Artigo 45º.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou $\frac{1}{4}$ dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para calquera socio/a poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Artigo 46º.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos ~~2/3~~ ^{2/3} dos socios membros da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 47º.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:

Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes dos mesmos/as.

Por outras causas determinadas legalmente.

Por sentencia xudicial.

Artigo 48º.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 49º.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e non relixiosa que figures inscrita na Comunidade Autónoma de Galiza e que teña os mesmos ou similares fins aos desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

Don Afonso Bieito Lorenzo Penela , na súa calidade de secretario da Asociación *Sociedade Gastronómica, Cultural, Deportiva e Xuvenil Lar de Unta*, fai constar que os presentes Estatutos modificados en asemblea xeral extraordinaria celebrada o vintecastro de outubro de dous mil tres, o son para cumplir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Betanzos, a 2 de novembro de 2003.

O secretario.

VOCAL XOVEN

O TESOUERIO

VOCAL RELACIONES PÚBLICAS

VO e pr.
O presidente

VOCAL DE PARTES

Asdo. Henrique Fernández Vázquez
VOCAL GASTRONOMÍA *VOCAL CULTURA*

Muriel Pérez

Isabel Fonteira

Xurxo Arias

Xabier do Porto

Mariña Carro

Muriel Pérez

Isabel Fonteira